

## CONVOCATORIA DO XVI CERTAMEN DE ARTE NOVA REGANOSA

Con data 11 de xullo de 2016, a empresa REGANOSA, S.A. convoca a súa XVI Edición de Arte Nova, co obxectivo de contribuir á difusión e promoción da arte creada en Galicia.

### BASES

#### 1.- PARTICIPANTES

Poderán participar, de forma individual, artistas nados ou residentes en Galicia, que sexan menores de 35 anos o 31 de decembro de 2015.

#### 2.- OBRAS

- Cada autor poderá presentar unha única obra, orixinal e inédita, realizada en calquera das seguintes disciplinas artísticas: pintura, collage ou fotografía.
- A temática fará referencia ao mar e/ou a súa cultura, e ha de ser susceptible de reproducirse nunha serie limitada mediante serigrafía ou impresión dixital.
- O tamaño da obra non será inferior a 60 cm nin superior a 100 cm. en calquera das súas dimensións.
- A obra será presentada de forma idónea para a súa exposición e irá acompañada por un portafolio que incluíra os datos do artista, a ficha técnica da obra e a biografía artística.

#### 3.-PRAZO E ENTREGA DA OBRA

- A obra enviarase ou entregarase debidamente embalada, en embalaxe reutilizable, na sede de PROXECTARTE (Praza da Quintana 3, 15704 Santiago de Compostela), entre o 26 e o 30 de setembro de 2016.
- Os gastos de embalaxe e transporte, ida e volta, correrán por conta do/a artista.
- REGANOSA contratará unha póliza de seguro que cubrirá as obras dende a súa recepción ata a súa devolución, non facéndose responsable de posibles riscos durante o transporte. A Organización porá o máximo celo no coidado das obras recibidas.
- En ningún caso se aceptarán obras en mal estado.

#### 4.-PREMIOS

- **Primeiro Premio:** Dotación económica de 2.000 € e a edición dunha serie limitada de 150 exemplares numerados, na técnica de edición de arte máis axeitada, que serán distribuídos pola empresa REGANOSA entre persoas relevantes do mundo institucional e empresarial, do ámbito nacional e internacional.
- **Premio Adquisición:** Reganosa destinará unha dotación económica para a adquisición de obras.

As obras premiadas pasarán a formar parte da Colección de Arte REGANOSA, reservándose os dereitos de reprodución e exposición, coa conformidade tácita dos seus autores ao aceptar as bases do certame, facendo sempre mención a súa autoría.

Os premios quedarán sometidos ao que indique a lexislación vixente sobre o IRPF.

## 5.- O XURADO

A composición do xurado darase a coñecer días antes do dictame e estará formado por persoas relevantes do mundo da arte: director/a dunha institución de arte, crítico/a de arte, o artista galardoado na última edición e representantes de REGANOSA.

## 6.-FALLO DO XURADO

O fallo do xurado, que será inapelable, darase a coñecer o día 6 de outubro mediante comunicación aos participantes vía email e farase público mediante comunicado de prensa.

## 7.-EXPOSICIÓN

As obras seleccionadas serán obxeto dunha exposición que se celebrará na Galería METRO de Santiago de Compostela, durante o mes de outubro de 2016.

## 8.-DEVOLUCIÓN DAS OBRAS

- As obras que non foran seleccionadas poderanse retirar, ou serán devoltas, entre o 10 e o 15 de outubro de 2016.
- As obras seleccionadas e non premiadas, poderán ser retiradas durante os dez días seguintes ao remate da exposición.

## 9.- CONDICIONANTES

- Os artistas galardoados co Primeiro Premio en anteriores edicións, non poderán optar á mesma categoría, aínda que sí ao Premio Adquisición.
- A organización resérvase o dereito de tomar decisións non reguladas nestas bases, sempre que considere que poden contribuir de forma positiva ao éxito desta convocatoria.
- A participación neste certamen implica a plena aceptación e cumprimento das bases.

## CONTACTO

Javier Blanco Director de Proxectarte e Coordinador do Certamen de Arte REGANOSA  
649 610 287 info@proxectarte.com